


Día Internacional da Muller

8 de marzo de 2024

EXPOSICIÓN VIRTUAL



M^a del
**MILAGRO REY
HOMBRE**

**galegas
destacadas (2)**



ARQUIVO
DO REINO
DE GALICIA

INTRODUCCIÓN

O Arquivo do Reino de Galicia celebra o **DÍA INTERNACIONAL DA MULLER do 2024** destacando a figura da arquitecta **MARÍA del MILAGRO REY HOMBRE**, pioneira no ámbito da **arquitectura galega** polo seu labor no exercicio dunha **profesión** que, ata non hai tanto, considerábase exclusivamente **masculina**.

Foi unha muller **loitadora**, cunha **vocación** clara, á que non lle amedrentaba nadar **contra corrente**, consciente de estar abrindo **novos camiños**.

Esta **exposición** mostra unha pequena **escolma** das súas **obras** conservadas no fondo documental da **Delegación da Coruña do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia**, xunto con outros documentos tamén custodiados no Arquivo do Reino de Galicia que **ilustran** e contextualizan a súa **traxectoria** vital e profesional.

Con esta homenaxe o arquivo continúa a serie denominada **GALEGAS DESTACADAS**, coa que pretende dar a coñecer mulleres que se distinguiron no seu tempo en calquera eido.

El Arquitecto,
M^a del Milagro Rey


Firma autógrafa da "arquitecto"
M^a del Milagro Rey Hombre
Data: 1964-10-26. A Coruña
Delegación da Coruña do COAG
Signatura: 40332/52
Extraída do proxecto para oficinas e
almacéns na canteira de Eirís (A
Coruña)

Mª DEL MILAGRO REY HOMBRE NO ARQUIVO DO REINO DE GALICIA

Os **colexios de arquitectos** foron creados en España en 1929, momento no que se impón a colexiación como **requisito** previo para o **exercicio** da profesión. O **Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG)** créase no ano 1973, por segregación do de León, Asturias e Galicia.

A documentación producida pola **Delegación da Coruña do COAG** abarca un período cronolóxico entre 1935 e 1994. Trátase de **expedientes de visado** de proxectos creados por profesionais colexiados, dos que a porcentaxe de **mulleres** aproxímase ao **dez por cen**.

Entre elas atópase a arquitecta **María del Milagro Rey Hombre** cuxos traballos, un **total** de 1.493, comprenden tanto proxectos de **obra nova**, dos que só un terzo foi executado; como intervencións de **reforma**; informes **periciais** ou traballos de **urbanización**. A maioría dos proxectos de obra nova son de carácter **residencial**, pero tamén os hai de carácter **industrial** ou de índole **relixioso**. Conta ademais con proxectos de inmobles destinados a hoteis, oficinas, instalacións deportivas, colexios ou centros sanitarios. A documentación data dos **anos 1961-1987**.



Solicitud de libro de ordens e asistencias para a execución dunha obra, dirixida á Delegación da Coruña do COAG

Data: 1964-02-09. A Coruña
Delegación da Coruña do COAG
Signatura: 42094/901

Proxecto de edificio de cinco plantas en Carral/ Mª del Milagro Rey Hombre

Data: 1961-09. A Coruña
Delegación da Coruña do COAG
Signatura: 40330/1
[O seu primeiro proxecto visado]

De conformidad con lo dispuesto en la Orden del Ministerio de la Vivienda de 9 de Junio de 1971, participo a Vd. que con fecha _____ se da consentimiento a la ejecución de la obra que a continuación se detalla y al efecto le ruego me facilite el correspondiente "Libro de Ordenes y Asistencias"

Obr: REFORMA BAJO COMERCIAL
Situación: SANCHO BREGUA, 7- LA CORUÑA
Arquitecto Director: Mª DEL MILAGRO REY HOMBRE
Arquitecto Técnico o Aparejador: JOSÉ LUIS LANZA DE LONGORIA
Construtor: _____
Propietario: BANCO OCCIDENTAL
Dios guarde a Vd. muchos años.
LA CORUÑA, 9 de FEBRERO de 1977
El Arquitecto Director de la Obra.

M. DEL MILAGRO REY HOMBRE
ARQUITECTO.

Sr. Presidente de la Delegación del Colegio Oficial de Arquitectos
LA CORUÑA

VIDA PERSOAL E FORMACIÓN

María del Milagro Rey Hombre naceu en 1930, casualmente en Madrid. A súa familia residía na Coruña, na rúa Fontán, onde seu **pai**, o arquitecto racionalista **Santiago Rey Pedreira**, tiña o **estudio**, espazo ao que a pequena accedía sempre que podía, abraida por aquel mundo cheo de **libros e revistas** con referencias a escolas de **deseño e arquitectura** como a **Bauhaus**. En 1938 fixaron o seu **domicilio** nunha das novas casas de "**Ciudad Jardín**", obra do arquitecto.



La Coruña.—Playa y Ciudad Jardín.

A Coruña: Praia e Cidade Xardín

Data: 1935

Colección de postais

Signatura: 634

[Ao fondo á esquerda, o Colexio da Compañía de María]

Por cuestións de saúde, a nena María del Milagro **estudou** na casa despois de ter asistido pouco tempo ao "**Colexio da Compañía de María**", ao que volvería para cursar o bacharelato logo dunha curta estancia no centro laico "**Academia Colegio Galicia**", considerado pola súa nai **pouco axeitado** socialmente.


En 1946 conseguiu o **premio extraordinario** na **reválida**, feito que foi **recompensado** polo seu pai co financiamento dos seus **estudos** en Madrid, respectando finalmente a súa decisión de ser "**arquitecto**".

Proxecto de grupo de dúas casas xemelgas
para a Sociedade Cooperativa Domus.
Sección a-b/ Santiago Rey Pedreira

Data: 1935-04. A Coruña
Delegación da Coruña do COAG

Signatura: 40082/256

[Vivenda familiar]



VIDA PERSOAL E FORMACIÓN

En 1954 completou as condicións de **acceso** aos estudos de **Arquitectura**, despois de superar as materias universitarias teóricas preliminares e os duros exames de debuxo. Ao ano seguinte, xa na Escola, obtivo a nota de apto no curso complementario de preparación.


No ámbito **universitario**, sempre se mostrou **tenaz** no apoio dun trato de **igualdade** para a **muller**: “Soy un alumno más” dicía.

María del Milagro **graduouse** como "**arquitecto**" na Escuela Técnica Superior de Arquitectura de Madrid en 1960. Obtivo o título de **doutor arquitecto** en 1964 coa elaboración do proxecto da **igreja** parroquial e casa reitoral de **Santa Margarita** na Coruña.


Proxecto da Escola de Arquitectos Técnicos na Coruña. Alzado principal/ Rodolfo Ucha Donate, José María Laguna Martínez e Juan Castañón Fariña
Data: 1972-07
Delegación da Coruña do COAG
Signatura: 42241/1230v

Proxecto do templo parroquial de Santa Margarita na Coruña. Alzado principal e sección transversal/ M^a del Milagro Rey Hombre

Data: 1964-03
Delegación da Coruña do COAG
Signatura: 40331/44




Desde o inicio da súa carreira, **compaxinou** o seu traballo como **profesional independente** con contratos como **arquitecta municipal**, e máis tarde co labor de **docencia universitaria** no departamento de Construcións Arquitectónicas na **Escola Universitaria de Arquitectura Técnica da Coruña**, ata a súa xubilación no ano 2001. Faleceu en marzo de 2014.



VIDA PROFESIONAL E OBRAS

En 1961, de volta á Coruña, unha vez **rematados** os seus **estudos**, presentóuselle a **elección vital** de asumir o papel de ama de casa ou realizarse profesionalmente. Decidiuse pola segunda opción e estableceu o seu **despacho** independente, primeiro, na **praza de Ourense** e máis tarde na rúa **Sánchez Bregua**.

Comezou o seu **traballo profesional colaborando** co equipo de seu **pai** na xestión da urbanización e edificación dun polígono de vivendas en Elviña e, un pouco máis tarde, no Plan de Reforma Interior de Zalaeta.



Proxecto de reforma da 1ª planta da casa nº 7 na rúa Sánchez Bregua (A Coruña). Situación/ Mª del Milagro Rey Hombre

Data: 1965-11
Delegación da Coruña do COAG
Signatura: 40084/278


A Coruña: Rúa Sánchez Bregua
Colección fotográfica
Data: ca.1930
Signatura: 3203

Proxecto de casa de nove plantas na praza de Ourense (A Coruña). Alzado/ Santiago Rey Pedreira e Juan González Cebrián

Data: 1958-05. A Coruña
Delegación da Coruña do COAG
Signatura: 40084/278



PROYECTO DE REFORMA EN LA PRIMERA PLANTA DE LA CASA Nº 7 DE LA CALLE DE SANCHEZ BREGUA EN LA CORUÑA.	LA CORUÑA
PROP. Mª DEL MILAGRO REY HOMBRE	NOVIEMBRE 1965
ARQTO. Mª DEL MILAGRO REY HOMBRE	Mª del Milagro Rey



Logotipo do estudio de arquitectura de Mª del Milagro Rey Hombre

Data: 1981
Delegación da Coruña do COAG
Signatura: 10049/1410

VIDA PROFESIONAL E OBRAS

Ese mesmo ano foi contratada temporalmente como **arquitecta municipal** da Coruña, cargo que desempeñaría en varias ocasións ata 1974.

Entre as encomendas municipais estivo a **reelaboración** do deseño da **Fonte de Catro Camiños**, obra do profesorado e alumnado do Centro de Formación Profesional Acelerada de Someso.

O traballo fíxose necesario tras a derruba dun conxunto de vivendas neste espazo. A **idea** de María del Milagro foi **reflectir** na fonte a **luz** cambiante da **cidade**, empregando para isto **granito** de tonalidade moi clara, extraído dunha **canteira** preto da **Torre de Hércules**.

Foi inaugurada o 14 de setembro de 1963



A Coruña: Fonte luminosa de Catro Camiños

Data: 1973
Colección de postais
Signatura: 1897



A Coruña: Torre de Hércules

Data: 191-?
Colección fotográfica
Signatura: 5366



Nomeamento de M^a del Milagro Rey Hombro como vogal técnico na expropiación dunha casa

Data: 1970-04-02. A Coruña
Goberno Civil da Coruña
Signatura: 33021/1152




A Coruña: Catro Camiños. Fonte luminosa.


Data: ca. 1963
Colección de postais
Signatura: 4206

VIDA PROFESIONAL E OBRAS


Un dos seus primeiros traballos foi o **Local Social do Pescador**, en Fisterra, un **proxecto colectivo** no que se involucraron especialmente as **mulleres** que participaron de forma activa na súa **construción**, “oficiais de obra de primeira categoría”.



PROXECTO DE AMPLIACION DE UNA PLANTA PARA CONSTRUCCION DE CUATRO VIVIENDAS EN EL EDIFICIO SOCIAL DEL PESCADOR EN FINISTERRE LA CORUÑA		LA CORUÑA
PROPº PARROQUIA DE FINISTERRE		SEPTIEMBRE 1965
ARQTº Mº DEL MILAGRO REY HOMBRE		94º del Milagro Rey
SITUACION	1:25000	HOJA 1



Proxecto de ampliación dunha planta para vivendas no edificio social do pescador en Fisterra (A Coruña). Situación/ Mº del Milagro Rey Hombre
Data: 1965-09
Delegación da Coruña do COAG
Signatura: 40330/28



Proxecto de edificio social do pescador en Fisterra (A Coruña). Sección e alzado e planta baixa/ Mº del Milagro Rey Hombre
Data: 1963-07
Delegación da Coruña do COAG
Signatura: 40330/28

Tendo en conta o programa de **necesidades sociais** da Confraría de Pescadores, a arquitecta proxectou unha **edificación ampla** no porto **fisterrán**, nunha área cedida pola Xefatura de Costas. Posteriormente encargáronselle varias **remodelacións** coas que se incorporaron novos **espazos comunitarios**: comedor, cociña, aulas e ata vivendas. Foi unha das súas **obras favoritas**.

VIDA PROFESIONAL E OBRAS




Os encargos **particulares** de tipo **residencial** constituíron o grupo de traballos máis **numeroso** dentro da súa obra. Entre eles, destacamos o proxecto da “**Torredorada**”, coñecida tamén como “**Torre de los maestros**” e considerada no seu momento como o **primeiro** rañaceos da Coruña.

A súa realización supuxo un **desafío** para a arquitecta en canto á obtención da resistencia e da lixeireza da **estrutura**, para o que foi fundamental para ela ter acceso ao **método** de “cálculo de formigón a rotura” do **enxeñeiro ucraino Timoshenko**. Algunhas autoridades e funcionarios do momento considerárono **pro-soviético** e **antipatriótico**.



Expediente de implantación de urbana do edificio “Torredorada”. Fotografía
Data: 1975. A Coruña
Xerencia Rexional do Catastro da Coruña
Signatura: 106873/36

Ordenación de solares na finca ocupada pola fábrica de tecidos “La Primera Coruñesa”. Bosquexo de perspectiva e situación/ M^a del Milagro Rey Hombre
Data: 1963-08
Delegación da Coruña do COAG
Signatura: 40330/25



Anteproxecto do edificio “Torredorada” na rúa Juan Flórez. Planta tipo/ M^a del Milagro Rey Hombre

Data: 1965-04
Delegación da Coruña do COAG
Signatura: 40332/57




A Coruña: vista parcial

Data: 1915
Colección de postais
Signatura: 106

[Fábrica de tecidos “La Primera Coruñesa”]

VIDA PROFESIONAL E OBRAS

Como exemplos de **vivendas unifamiliares** sinalar, entre outras, os chalés da Punta Fieiteira en Bastiagueiro e o da **Illa Portelo**, en Mera, este non construído. Neles destaca a **integración do edificio na paisaxe**, cunha **topografía rochosa e exposta ao mar**, e o emprego de **elementos propios de embarcacións** como os dormitorios que semellan **camarotes**.



A Coruña: Panorámica da cidade dende Mera



Data: ca. 1925-1930
Colección de fotografías
Signatura: 3942



Proxecto de vivenda unifamiliar na illa de Portelo. Alzados e sección e situación/ Mª del Milagro Rey Hombre

Data: 1966-02
Delegación da Coruña do COAG
Signatura: 40334/84
[Non construído]

VIDA PROFESIONAL E OBRAS



Proxecto de residencia unifamiliar na Punta Fieiteira, en Bastiaqueiro (Oleiros). Alzados e plantas/ Mº del Milagro Rey Hombre


Data: 1962
Delegación da Coruña do COAG
Signatura: 40330/12

Fotografía aérea do concello de Oleiros

Data: 195-?


Xerencia Rexional do Catastro da Coruña

Signatura: 25a



Na Punta Fieiteira, ademais, utiliza **volumes fragmentados** e un **miradoiro** con **cristaleira**, **elevado** e **sobresáinte** que permite a contemplación de **vistas** privilexiadas, **recursos** que a arquitecta **repetirá** noutros proxectos.

VIDA PROFESIONAL E OBRAS




Proxecto de vivenda no lugar de Collantres, parroquia de Coirós (Betanzos). Alzados e plantas/ M^a del Milagro Rey Hombre

Data: 1973-10. A Coruña
Delegación da Coruña do COAG
Signatura: 40869/459

[Non construído]

Chegou a idear unha **casa prototipo** capaz de **reproducirse** en diferentes lugares, con planta baixa libre e piso destinado a vivenda, como na **arquitectura popular**, sempre co seu estilo de **sinxeleza de liñas e economía de formas** primando o **espazo interior** fronte ao exterior.




VIDA PROFESIONAL E OBRAS

Dentro dos inmobles de carácter **industrial** sobresaí a construción das **centrais telefónicas** de Sada, Narón e Cee nos que a arquitecta non puido proxectar con liberdade dadas as características **funcionais** dos edificios. A empresa pretendía **renovar** a **rede** do **Noroeste** o que supuxo un **traballo regular** para o seu estudio.


Proyecto de central telefónica terminal en Cee. Alzado /
M^a del Milagro Rey Hombre

Data: 1972-09
Delegación da Coruña do COAG
Signatura: 40867/431



Proyecto de central automática de
sector en Sada. Detalle/ M^a del
Milagro Rey Hombre

Data: 1972-08
Delegación da Coruña do COAG
Signatura: 40862/326



Expediente de implantación de urbana da central telefónica automática de Cee. Fotografías

Data: 197-?
Xerencia Rexional do Catastro da Coruña
Signatura: 104093/ 05-07-004


VIDA PROFESIONAL E OBRAS

María del Milagro recibiu tamén varios encargos da promotora SANCRIISA para o **areal de Santa Cristina**: consolidación e rexeneración das dunas, hotel e apartamentos, o que supuxo a **transformación** radical deste espazo que se pretendía converter nun lugar de interese **turístico** nacional.



Oleiros: Santa Cristina
Data: 193-?
Colección fotográfica
Signatura: 3256

Anteproxecto de hotel 1ªB na praia de Santa Cristina (Oleiros).
Situación e alzado sur/ Arquitecta: Mª del Milagro Rey Hombre
Data: 1966-03
Delegación da Coruña do COAG
Signatura: 40333/72



A arquitecta, ademais, realizou **numerosos** traballos de índole **relixiosa**, como igrexas, cemiterios e casas reitorais. Aparte da xa sinalada igrexa de Santa Margarita, a de **Santa María de Deixebre**, co seu característico **campanario**, foi a **primeira** que proxectou. Outros encargos deste tipo foron o de San Bernardo de Combarro e o de Santa Baia de Chacín.



Expediente de implantación de urbana da igrexa de Deixebre, concello de Oroso. Fotografía
Data: 196-?
Xerencia Rexional do Catastro da Coruña
Signatura: 105239/D-003-006

A súa obra arquitectónica reflicte a súa filosofía de vida.

BIBLIOGRAFÍA

Carreiro Otero, M. e López González, C. (2018). Una aproximación al archivo de la figura de Milagros Rey Hombre, arquitecta. En I. Vazquez Bermúdez, M. del R. Martínez Torres, A. Guil Bozal, M. J. Cala Carrilo, C. Flecha García, y C. García Gil (Coords.), *Investigación y género. Reflexiones desde la investigación para avanzar en igualdad : VII Congreso Universitario Internacional Investigación y Género* (pp. 447-458). SIEMUS (Seminario Interdisciplinar de Estudios de las Mujeres de la Universidad de Sevilla).

<http://hdl.handle.net/2183/21158>

Carreiro Otero, M. e López González, C. J. (2022). *Milagros Rey Hombre, 1930-2014. Memorias y proyectos de una arquitecta pionera*. Editorial Club Universitario.

Carreiro Otero, M. e López González, C. (2022). Listado completo de los proyectos de la arquitecta Milagros Rey Hombre depositados en el fondo COAG del Archivo do Reino de Galicia en A Coruña. En Grupo de Investigación Arquitectura e Urbanismo Sostible, *Milagros Rey Hombre, 1930-2014: memorias e proxectos*. Universidade da Coruña.

<http://hdl.handle.net/2183/31907>

Lorenzo Aspres, A. (30 de marzo de 2021). *María del Milagro Rey Hombre*. Consello da Cultura Galega. Álbum de Galicia.

DOI: 10.17075/adg.2021.23684

Lorenzo Aspres, A. (2023). María del Milagro rey Hombre: obras y proyectos de la primera arquitecta independiente de Galicia (España). *Revista Científica Cuadernos de Investigación*, 1, 1-21.

<https://cuadernosdeinvestigacion.unach.cl/index.php/rcci/article/view/e11>

Prieto, Nuria (7 de abril de 2021). *La Torre Dorada, uno de los primeros rascacielos de A Coruña*. *El Español*, Quincemil.

<https://www.elespanol.com/quincemil/articulos/actualidad/la-torre-dorada-uno-de-los-primeros-rascacielos-de-a-coruna>

realización

**NOELIA CASTRO GARCÍA
MARTA POLO TRASANCOS
DULCE VILLARES CUBA**

textos

**MARTA POLO TRASANCOS
DULCE VILLARES CUBA**

diseño


NOELIA CASTRO GARCÍA

dixitalizaci3ns

ELISA VALCARCE GARCÍA

direcci3n

CARMEN PRIETO RAMOS



ARQUIVO
DO REINO
DE GALICIA